

# XUGeX

VIII Xornada Universitaria Galega  
en Xénero

## Epistemoloxías feministas en acción

9 de xuño de 2023

Universidade de Vigo. Edificio Redeiras. Campus de Vigo

Nesta oitava edición centrámonos en reflexionar sobre a orixe e evolución da orde política patriarcal e o seu impacto na andamiaxe cultural, institucional e cognitiva da nosa sociedade e das nosas universidades. Nestas xornadas preténdese reflexionar, dende unha mirada crítica feminista, sobre o actual contexto multicrise (guerra en Europa, crise medioambiental, feminización global da pobreza, crise financeira, etc) e o impacto que está a xerar na violencia de xénero e machista, na ciencia e na academia e tamén nos contidos docentes universitarios

### Obxectivos:

- Impulsar a aplicación da transversalidade de xénero como un criterio de calidade académica.
- Intercambiar experiencias entre o persoal docente e investigador que xa integre a perspectiva de xénero na súa práctica docente e/ou investigadora e quen teña interese en incorporala.
- Potenciar experiencias innovadoras que inclúan a perspectiva de xénero como un eixe de traballo.
- Promover a creación de redes de colaboración multidisciplinares para integrar a perspectiva de xénero na actividade universitaria.

Nesta edición centrámonos en visibilizar o impacto do actual escenario multicrise nos ámbitos da violencia de xénero e da traxectoria investigadora das mulleres; así como a importancia da aposta por unha docencia universitaria con perspectiva de xénero

### Áreas temáticas:

A presentación de propostas será a través do envío do formulario de comunicación aos seguintes enderezos electrónicos, dependendo da área temática:

**Violencias contra as mulleres** ([oficina.igualdade@udc.gal](mailto:oficina.igualdade@udc.gal))

**Mulleres, ciencia e investigación** ([igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es))

**Perspectiva de xénero na docencia universitaria** ([oix@usc.gal](mailto:oix@usc.gal))

Prazo límite para presentar propostas de comunicación: **28 de abril de 2023**